



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

## **BASES DO CONCURSO DE CARTEIS QUIN ALBORÉS-NIGRÁNJAZZ 2021**

Expte:2021002416 Sv

### **1.-PROMOTOR E ANTECEDENTES:**

O promotor e organizador deste concurso é o Concello de Nigrán. O obxecto deste certame é seleccionar un cartel para empregar na difusión do Festival Nigránjazz organizado polo Concello de Nigrán (Pontevedra), que dende o ano 2010 está adicado á memoria do artista nigranés Quin Alborés, gran amante do jazz e veciño que impulsou o Festival dende o seu comezo deseñando os seus tres primeiros carteis. O traballo premiado será o que se empregue para a difusión do XV Festival NigranJazz deste ano 2021 en diferentes formatos (cartel, camiseta ou calquera outro medio).

### **2. OBXECTO DO CONCURSO:**

O Concello busca un cartel que, como condición indispensable, teña como eixo central o mundo do jazz e a súa estética e que se empregará para a difusión do XV Festival Nigranjazz.

### **3. MODALIDADE DE CONCURSO E PARTICIPACIÓN:**

Trátase dun concurso público con xurado, aberto e anónimo. No concurso poderán participar todas as persoas físicas maiores de 18 anos que o desexen, podendo presentar cada unha delas individualmente un máximo de dúas obras, coa condición indispensable de ser inéditas. Quedan excluídos da participación neste concurso os familiares directos ata o primeiro grao de parentesco por consanguinidade e/ou afinidade de calquera membro do xurado. Aquel que gañe dúas veces consecutivas o concurso de carteis Quin Alborés-NigranJazz quedará excluído da participación na seguinte edición inmediata.

### **4. TÉCNICA:**

A técnica a utilizar será libre dentro dos límites usuais para permitir unha normal reprodución fotomecánica. No caso de resultar gañador, o autor ou autora deberá aportar a obra en formato vectorial ou imaxe e a tamaño real para unha correcta impresión. Non se admitirá ningún cartel que non poida adoptar un formato vectorial ou imaxe para a súa normal reprodución fotomecánica.

### **5. TEXTO E CONTIDOS:**

Os carteis deberán levar, obrigatoriamente, os seguintes datos:

XV FESTIVAL NIGRÁNJAZZ XULLO 2021

Día 30

Auditorio do Concello

12:00 h. Masterclass 1

Auditorio da Foz do Miñor (A Ramallosa)

21:00 h. Actuación artista 1 22:30 h. Actuación artista 2 00:00 h. Jam Session

Día 31

Auditorio do Concello

12:00 h. Masterclass 2





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Auditorio da Foz do Miñor (A Ramallosa)

21:00 h. Actuación artista 1 22:30 h. Actuación artista 2 00:00 h. Jam Session

Escudos: (adxunto as bases, na páxina web municipal): - Concello de Nigrán como único Organizador

- Deputación de Pontevedra – AIE- Central Folque- Rodosa-Cervezas Alhambra-Mayeusis todos como Colaboradores

O idioma empregado será o galego.

### 6. LUGAR, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN:

Os orixinais realizaranse en formato vertical, en tamaño A2 (594 x 420 mm.) cunha calidade mínima de 300 ppp. Os traballos presentados deberán garantir o anonimato dacordo co previsto nas presentes bases. O prazo de presentación comezará dende a data de resolución de aprobación das presentes bases e rematá o LUNS 7 DE XUÑO DE 2021. Non serán admitidas as obras que se reciban con posterioridade á data indicada, calquera que sexa a excusa do atraso.

Poderán presentarse mediante dúas vías:

1- Preferentemente por correo electrónico enviando por un lado o cartel adxunto cuxo nome de arquivo sexa o lema elixido a [info@nigran.org](mailto:info@nigran.org), escribindo en asunto “Concurso de carteis Quin Albores-Nigranjazz + lema elixido” e, por outra banda, enviando outro correo electrónico a [secretariap@nigran.org](mailto:secretariap@nigran.org) poñendo en Asunto “Concurso Carteis Nigránjazz + lema elixido”, e achegando nese mesmo correo o DNI escaneado e a declaración de autoría (Anexo I) e no corpo do texto os datos persoais (nome e os apelidos do autor, o domicilio, o enderezo postal, o correo electrónico e o número de teléfono).

Cada cartel presentarase co mesmo procedemento, independentemente de que un mesmo suxeito presente dúas propostas (polo tanto, terán que ter lemas diferentes).

2. No Rexistro do Concello de Nigrán ou por correo certificado. O traballo presentarase nun sobre pechado rotulado exteriormente baixo o título “Concurso de carteis Quin Alborés-Nigranjazz”, non podendo ser identificado de ningún xeito e preservando así o anonimato. Este sobre opaco conterá no seu interior dous sobres (A e B). O sobre “A” será rotulado exteriormente co título “Concurso de carteis Quin Alborés-Nigranjazz + lema elixido” e conterá o cartel, no que se escribirá novamente o lema pola parte traseira do mesmo. O sobre “B” será rotulado exteriormente co título “Concurso de carteis Quin Alborés-Nigranjazz + lema elixido” e conterá no interior novamente un folio co lema, o nome e os apelidos do autor, o domicilio, a fotocopia do DNI, o enderezo postal, o correo electrónico, o número de teléfono e a declaración asinada que indique que a obra presentada é da súa autoría, é orixinal, e é inédita (Anexo I).

No caso de facelo por Rexistro deberá facerse constar ‘Concurso de Carteis Quin Alborés-Nigranjazz +lema elixido’.

No caso de facelo por correo certificado, o autor deberá enviar un correo electrónico a [secretariap@nigran.org](mailto:secretariap@nigran.org) co asunto “Concurso de carteis Quin Alborés-Nigranjazz + lema elixido” no que se adxunte o certificado de correos que xustifique que o envío se fixo en prazo, non podendo conter ese certificado ningún dato persoal que vulnere o anonimato (pode empregarse o lema). Transcorridos 5 días hábiles do fin do prazo do concurso o Concello non aceptará o recibo de ningún traballo.

### 7. XURADO:





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Será o responsable de avaliar e clasificar as propostas, elixindo aquela que estimen que mellor representará ao Nigranjazz. As actuacións do xurado, órgano competente para outorgar o premio, axustaranse ás normas contidas nas seguintes bases e o seu fallo será inapelable.

Serán funcións do xurado:

- Análise de documentación e admisión definitiva dos traballos.
- A proposta razoada de exclusión dos traballos non admitidos , que se recollerá en acta explicando o motivo. Compre salientar que se o xurado detecta algún plaxio en calquera forma conlevará unha descalificación automática e posibles accións legais.
- Análise das propostas e valoración.
- A vixilancia do cumprimento do anonimato na documentación presentada ata que se ditamine a proposta de gañador.

O xurado, que emitirá a correspondente acta do fallo do resultado, está composto por:  
Juan A. González Pérez (Alcalde de Nigrán-Presidente do Xurado con voto de calidade)  
Felipe Villar Andrade (Secretario- director do Festival Nigranjazz)  
Miguel Fernández Alborés (Vogal - Irmán de Quin Alborés)  
María Villar Andrade (Vogal - Responsable de Comunicación do Concello de Nigrán)  
Natalia Gomes (Vogal - Deseñadora Gráfica)  
Olalla Fernández (Vogal - Deseñadora Gráfica)

Na acta correspondente figurarán os membros do xurado, a puntuación asignada a cada cartel e os datos do gañador.

### **8. PREMIOS E OBRIGAS DO GAÑADOR:**

Establécese un único premio de 500 euros e se establecerán tantas mencións (sen dotación económica) como o xurado estime convinte. O premio poderá ser declarado deserto, nese caso, o Concello de Nigrán resolverá a edición do cartel polos seus propios medios. O premio estará suxeito á normativa fiscal. O organo competente para outorgar o premio é a Alcaldía Presidencia vista a proposta do xurado do concurso.

Ao autor do cartel gañador notificaráselle o veredicto do xurado a través de correo certificado; aínda que, previamente se poderá comunicar telefónicamente xunto coa data de presentación do cartel, que coincidirá coa presentación do Festival.

O autor ou autora gañador ten a obriga de aportar a obra en formato vectorial ou imaxe .jpg ou .tiff a 350 ppp e a tamaño real. Deberá comprometerse a realizar os cambios necesarios no cartel en prazo para incorporar a programación definitiva, os logos, ou calquera outro cambio necesario. A organización substituirá, se fose preciso, os datos dos concertos no cartel final, respectando no posible a estética deste, e reservándose o dereito de cambiar de lugar e tamaño o escudo do Concello, así coma incorporar novos logotipos.

### **9. DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL:**

Mediante o premio do “Concurso de carteis Quin Alborés-Nigranjazz 2021”, o Concello de Nigrán adquire en exclusiva todos os dereitos económicos de propiedade intelectual inherentes á obra premiada, e que poderá libremente proceder á súa reprodución, distribución, comunicación pública e transformación durante o prazo indicado no artigo 26 do TRLPI; tendo dereito a difundir a obra por calquera medio ou soporte, incluíndo os dereitos de reprodución en calquera soporte ou formato, así como os dereitos de distribución e comunicación pública da obra; quedando expresamente incluída a emisión e





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

transmisión on-line.

O Concello de Nigrán resérvase o dereito de publicar na súa web e difundir por calquera outro medio tódalas obras presentadas a concurso.

### **10. PROTECCIÓN DE DATOS:**

En cumprimento do establecido na LOPD, que todos os datos persoais dos participantes no “Concurso de carteis Quin Alborés-Nigránjazz 2021” poderán ser incorporados aos ficheiros das bases de datos do Concello de Nigrán, ante o que poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

### **11. ACEPTACIÓN DAS PRESENTES BASES:**

A participación no Concurso de carteis NigránJazz 2021 comporta a aceptación íntegra e incondicionada das correspondentes bases.

Nigrán, a data da sinatura electrónica  
Juan A. González Pérez  
Alcalde de Nigrán





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

## ANEXO I

### DECLARACIÓN DE ORIXINALIDADE E CARÁCTER INÉDITO DO TRABALLO

D./Dña. \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ declárase o autor intelectual do cartel presentado no concurso Nigrán Jazz e manifesta que o seu traballo é da súa autoría, orixinal e inédito, polo que, dito material non foi publicado anteriormente nin tampouco está a participar noutro concurso.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 2021  
Asdo.

